

Texto e ilustracións: **BRUNO HEITZ**
Tradución: **DAVID GIPPINI FOURNIER**

Encadernado en cartonné. 23x31 cm.

48 páxinas en color. Cómec.

Dispoñible en:

- Galego: "Historias de Mestre Raposo 2. Le Roman de Renart"
ISBN 978-84-15250-20-3
- Castelán: "Historias de Maese Zorro 2. Le Roman de Renart"
ISBN 978-84-15250-19-7

Prezo: 15 €

HISTORIAS DE MESTRE RAPOSO 2 LE ROMAN DE RENART

...Protexe os nenos dos baróns e os condes que roldan por aí... E se veñen buscarme, dilles que estou no camiño do ARREPENTIMENTO...

No segundo volume de "Historias de Mestre Raposo", o protagonista atópase moi preocupado porque o rei mandáralo prender e axustizar polas súas falcatuadas; malia tratarse dunha circunstancia que forma parte da súa propia natureza animal. Coa intención de redimirse das acusacións, Renart decide viaxar ata a corte do Papa.

A súa aventura leva os lectores a coñecer personaxes como o gato Tiberio ou o oso Pardo, e a ser partícipes de arduas e divertidas peripecias das que Mestre Raposo sae airoso grazas ao seu enxeño. O libro, estruturado en capítulos, é un perfecto exemplo de cómic, cunha meditada secuencia de viñetas, diálogos e elementos característicos da banda deseñada.


Le Roman de Renart é unha das obras máis antigas da literatura francesa, redactada en forma de poemas nos séculos XII e XIII para parodiar a épica e a novela cortesá da época. A adaptación de Bruno Heitz deste clásico medieval transcorre nunha sociedade animal, antropomórfica, na que destaca un descarado personaxe que se atreve a cuestionar a orde establecida.

Tralo epílogo da historieta, o autor ofrece unha visita ao interior do castelo deste peculiar reino de intrigas e picarescas.

BRUNO HEITZ (Francia, 1957)

Autor e ilustrador de álbums ilustrados. Cando tiña 18 anos marchou a Italia pedaleando nunha bicicleta. Iniciou a súa traxectoria como escritor de libros infantís, feitos en branco e negro, que se distribuían nas bibliotecas municipais. Co tempo, ampliou a súa faceta tamén como debuxante, non só de contos, senón de cómics.

FAKTORIA



- **Temática:** cómic de temática humorística e picaresca, adaptación dun clásico da literatura francesa dos séculos XII-XIII
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** segunda parte da obra "Historias de Mestre Raposo"; animais humanizados; elementos característicos da banda deseñada: viñetas, onomatopeas, globos, imaxes icónicas; inclúe unha representación interior do castelo cos seus personaxes